

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A CREACIÓN EN CUNTIS DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS**

### **Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis**

Cuntis, 30 de xuño de 2021

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O turismo de autocaravanas, ou itinerante, está a experimentar un crecemento moi significativo nos últimos anos en toda Europa e, por suposto, tamén en Galicia. As particulares condicións impostas pola pandemia do coronavirus non fixeron máis que incrementar este auxe. Cada vez máis búscanse espazos ao aire libre, con menos concentración de persoas, maior aproveitamento do medio natural, etc. Unha das características deste tipo de turismo é o impacto económico que deixa nos destinos que contan con habilitación para o estacionamento de visitantes cos seus vehículos. O gasto no comercio local, en servizos e na hostalaría é moi considerable, como así o confirman estudos de repercusión económica realizados polo propio sector e por outras instancias. Para que este impacto sexa o máis aproveitable posible para a economía local, a área de estacionamento de autocaravanas debe estar situada o máis próxima posible ao centro da vila.

O Estado Español comezou a tomar consciencia deste fenómeno xa no ano 2004, cando se aproba o Regulamento de circulación e estacionamento de vehículos a motor, no que se recoñece por primeira vez a existencia como tal da autocaravana como vehículo-vivenda, tal e como acontece noutros países de Europa. O fenómeno 'autocaravanista' é un modelo de turismo itinerante, sostible, moderno, non estacionario e en plena expansión, que contribúe de xeito claro ao desenvolvemento económico, social e turístico local. Fronte a outros modelos de masificación, a sostibilidade é unha das principais características desta práctica, e o investimento en infraestruturas que se require é mínimo.

A web de Turismo de Galicia rexistra nestes momentos un total de 127 áreas de autocaravanas con diferentes servizos. Estímanse máis de 3000 autocaravanas en Galicia, máis de 54000 no Estado Español e máis de 5 millóns en toda Europa, se ben é probable que estas cifras se vexan a día de hoxe xa incrementadas debido ao incesante crecemento que esta actividade está a experimentar.

Unha vila que aspira a dinamizar o seu sector turístico debe estar xa no mapa de localidades con áreas de estacionamento de autocaravanas, polo que a ausencia de Cuntis neste rexistro é unha notable carencia na oferta da que dispón o noso municipio.

O Grupo Municipal de Veciñanza, así como boa parte do sector da hostalaría e servizos de Cuntis, entende que é perfectamente factible a creación dunha área das características sinaladas nesta exposición, que suporía un investimento asumible e reforzaría o atractivo turístico da nosa vila. A repercusión económica para Cuntis estaría garantida e omitir esta demanda constitúe unha irresponsabilidade.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal a iniciar os estudos previos, valorar a localización máis óptima e comezar os trámites e procedementos administrativos que correspondan a fin de crear unha área de estacionamento para autocaravanas dotada de todos os servizos necesarios.